

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SERVIZO DE ANATOMÍA PATOLÓXICA DA ÁREA SANITARIA DE FERROL OBTÉN O CERTIFICADO DE CALIDADE ISO 9001:2015.

Ferrol, 3 de novembro de 2022. O xerente da Área Sanitaria de Ferrol entregou a certificación obtida na norma ISO 9001:2015 polo Servizo de Anatomía Patolóxica nun acto celebrado no Salón de Actos do Hospital Naval.

Se no ano 2021 os servizos de Lavandería, Farmacia, Análises Clínicas, Subministracións, Microbioloxía, Admisión e Documentación Clínica e Formación renovaron as súas certificacións, e no alcance do sistema incorporouse a Área de Hemodiálise (que certificou a súa calidade tanto coa norma ISO 9001:2015, como coa UNE 179003:2013, específica do ámbito sanitario, e na que se aborda a xestión dos riscos e da seguridade dos pacientes), neste ano 2022 é o servizo de Anatomía Patolóxica o que se incorporou ao Sistema de Xestión de Calidade coa certificación de todos os seus procesos: desde a fase preanalítica á fase post analítica.

A fase preanalítica engloba todos os procesos levados a cabo no servizo desde a recepción de solicitudes e toma/recepción de mostras, ata a distribución das mesmas polas diferentes seccións do Servizo de Anatomía Patolóxica. Garántese que se cumpren cos estándares de calidade necesarios mediante a rastrexabilidade de toda a fase xa que resulta especialmente crítica ao intervir nela distintos axentes involucrados na toma, recollida e transporte de mostras.

A fase analítica engloba todos os procesos levados a cabo no servizo unha vez realizada a recepción, rexistro e preparación de mostras, así como as que, unha vez procesadas integramente, corresponden á propia análise microscópico levado a cabo no servizo coa finalidade de obter un diagnóstico. A feixes, hai que dicir que o desenvolvemento desta

GABINETE DE COMUNICACIÓN DA ÁREA SANITARIA DE FERROL

Hospital Arquitecto Marcide

Avenida da Residencia s/nº

15405. Ferrol

www.ferrol.sergas.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

fase é especialmente complexo sempre que a variedade de mostras que se reciben fai que o inicio da fase analítica non sexa sempre o mesmo xa que a sistemática do estudo é moi diferente en función do tipo de mostra.

En canto á fase post analítica hai que dicir que tras os procesos levados a cabo no servizo unha vez realizado a análise microscópico das distintas mostras e das técnicas complementarias necesarias para realizar o diagnóstico histopatolóxico, ata a edición e validación dos informes e o arquivo, tanto das mostras, como da documentación asociada a elas.

9 servizos certificados coa norma ISO 9001:2015

A área Sanitaria de Ferrol é pioneira na implantación dun sistema de xestión de calidade a nivel do Sistema Público de Saúde de Galicia. Neste senso é mester recalcar a importancia da certificación obtida polo Servizo de Anatomía Patolóxica así como a dos servizos de Lavandería, Farmacia, Análises Clínicas, Subministracións, Microbioloxía, Admisión e Documentación Clínica, Formación e Hemodiálise xa que son o fiel reflexo do esforzo e da dedicación que se require para tal fin, así como representan un orgullo, non só para a área Sanitaria de Ferrol en si, senón tamén tanto para o Servizo Galego de Saúde como para o Sistema Sanitario Público de Galicia, e é que isto só se consegue co compromiso de todas e cada unha das persoas adscritas aos distintos servizos, que posúen ademais un alto nivel de capacitación, unha gran capacidade de traballo e unha entrega total na prestación dos seus servizos, o que garante o mantemento duns estándares de calidade que están en continua revisión e sometidos a avaliación periódica e sistemática por unha entidade externa independente.

GABINETE DE COMUNICACIÓN DA ÁREA SANITARIA DE FERROL

Hospital Arquitecto Marcide

Avenida da Residencia s/nº

15405. Ferrol

www.ferrol.sergas.gal

